

# A PREHISTORIA

TEMA 7 DE SOCIAIS. CEIP DE RIOTORTO. CURSO 2019-2020

[Pincha aquí para visualizar un vídeo titorial](#)

# QUE É A HISTORIA...

## QUE SON AS FONTES HISTÓRICAS. TIPOS

- ▶ **HISTORIA:** Ciencia que investiga o pasado das persoas e das sociedades humanas
- ▶ **FONTES HISTÓRICAS:** Pegadas do pasado que duraron ao longo do tempo e proporcionan información aos estudosos, coma científicos, arqueólogos, paleógrafos.. Para facer os estudos e saber máis de como vivíamos e éramos no pasado.
- ▶ **TIPOS DE FONTES HISTÓRICAS:**

### **ORAIS**

A información transmítese a través da palabra, de xeración en xeración.

### **GRÁFICAS**

A información transmítese por medio dunha imaxe, unha pintura, un mapa, película...

### **ESCRITAS**

A información transmítese pola escrita, restos de libros, cartas, un periódico, un diploma...

### **MATERIAIS**

Son distintos obxectos que se conservaron ao longo do tempo, unha ferramenta, un edificio...

[Pincha aquí para visualizar un tutorial](#)

# AS IDADES DA HISTORIA.

Os historiadores dividiron o paso do tempo en cinco etapas o idades:

➤ **A PREHISTORIA:** Período máis extenso do pasado.

Atopamos as seguintes etapas: O paleolítico, o Neolítico, A idade dos Metais.

➤ **IDADE ANTIGA:** Comezou co inicio da escritura. Nesta etapa desenvolvéronse numerosas civilizacións que foron as que idearon numerosos coñecementos presentes aínda na nosa sociedade. Aquí estudiaremos os pobos prerromanos, os iberos e celtas, así como os pobos colonizadores, os gregos, fenicios, cartaxineses,... e como non o famoso pobo romano, gran conquistador.

➤ **IDADE MEDIA:** Pódese entender como o período máis longo da historia. Iníciase coa caída do imperio romano ata o Renacemento. Pasamos de crer que a terra era plana, chea de grandes monstruos marinos, a coñecer que a terra era redonda e os monstruos simplemente non existían.

# SEGUIMOS COAS... IDADES DA HISTORIA.

- **IDADE MODERNA** : Etapa que comeza despois da Idade Media e desenvólvese nos séculos XV ata o XVIII. **Este período comezou en el año 1453 d.C. cando o Imperio Turco invadiu Constantinopla e logrou o control da cidade.** Como datos importantes podemos destacar o descubrimento de América e Australia, así como o establecemento da primeira economía mundial, sendo esta era una etapa de impacto universal. **A idade Moderna viu o seu fin no año 1789 ao producirse a Revolución Francesa.**
- **IDADE CONTEMPORÁNEA**: Etapa que comeza coa revolución industrial ata a etapa actual siglo XXI.

# O PALEOLÍTICO

- ▶ Como xa vimos anteriormente, a prehistoria é a etapa máis extensa do pasado.
- ▶ Abarca tres periodos: PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO e IDADE DOS METAIS.

## O PALEOLÍTICO

- O Paleolítico transcorre dende a aparición dos seres humanos, hai cinco millóns de anos ata **a aparición da agricultura e gandería**.
- Eran nómadas, isto é, vivían ao aire libre, en covas ou en chozas e ían dun lugar a outro en procura de alimento.
- O termo paleolítico significa “pedra antiga”, fai referencia a como fabricaban as armas para a caza, a base de labrar a pedra.
- A xente vivía da caza, pesca e recolección de froitos silvestres pois non coñecían a agricultura, de aí que se asentaran sempre preto dos ríos ou lagos, pois aí iban os animais a beber e así cazábanos para comer e facer prendas de abrigo. Cando se esgotaban os recursos da zona ían a outro lugar.

[Pincha aquí para ver o tutorial sobre o Paleolítico](#)

# MÁIS DO PALEOLÍTICO...

## A VIDA DO PALEOLÍTICO

- ▶ Os homes e mulleres vivían agrupados en pequenos grupos chamados tribos.
- ▶ A vida era dura e moitos morrían de frío ou mancados polos animais salvaxes ao ir de caza ou por ataques.
- ▶ A tribo, repartía as tarefas: uns cazaban, outros recolectaban froitos salvaxes, outros fabricaban ferramentas de caza con osos de animais ou pedra labrada...
- ▶ Normalmente coa pedra fabricaban coitelos ou as puntas das frechas para cazar e cos ósos fabricaban arpóns para pescar anguías.
- ▶ Un descubrimento moi importante nesta era foi o LUME, o que lles permitiría defenderse dos animais salvaxes.

# O NEOLÍTICO

- ▶ Como xa vimos anteriormente, a prehistoria é a etapa máis extensa do pasado.
- ▶ Abarca tres períodos: PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO e IDADE DOS METAIS.

## O NEOLÍTICO

- O Neolítico é a etapa da prehistoria que sucede no tempo ao Paleolítico.
- Hai uns 10.000 anos, as persoas comezaron a reter animais para asegurarse a obtención de carne, leite e peles. Así é como nace a gandería, sendo as primeiras especies domesticadas a cabra, a ovella, o cabalo, o can...
- Tamén neste período nace a agricultura, pois déronse conta que dunha semente nace unha nova planta. As primeiras especies cultivadas foron o trigo e o arroz.
- Neolítico significa “Pedra nova”, fai referencia a nova técnica coa que fabricaban as ferramentas.

[Pincha aquí para ver o tutorial sobre o Neolítico](#)

# MÁIS DO NEOLÍTICO...

## A VIDA DO PALEOLÍTICO

- ▶ Para coidar o gando e cultivar as plantas, a xente tiña que vivir preto das terras e dos animais, polo que deixaron de ser NÓMADAS e volvéronse SEDENTARIOS.
- ▶ Así é como nacen as aldeas.
- ▶ As aldeas estaban asentadas preto dos ríos para ter fácil acceso a auga.
- ▶ Os homes e mulleres especializáronse nun traballo, uns foron gandeiros, outros agricultores, artesáns...

## PRIMEIROS ARTESÁNS

- Esta é a época de ferramentas con pedra puída, non labrada como facían no paleolítico.
- Fixéronse ferramentas para labrar o terreo coma aixadas, fouces para cortar, muíños de man para esmiazar o cereal...
- No paleolítico aparece a **cerámica e o tear**, grandes inventos a resinar.



# A IDADE DOS METAIS

- ▶ Último período da prehistoria.
- ▶ Hai uns 7.000 anos as persoas comezaron a fundir metal para fabricar obxectos, de aí sae o nome desta etapa da prehistoria.
- ▶ Primeiro empregaron o **cobre**, logo o **bronze** e finalmente o **ferro**.
- ▶ As armas e adornos comezaron a facelos con estes metais. Primeiramente so había metan nas adeas próximas ás minas onde extraían o metal.

# A IDADE DOS METAIS

- De aldeas a cidades.
- Nace o comercio para intercambiar os produtos.
- Primeiro as aldeas ricas en metais foron crescendo pouco a pouca ata converterse en cidades, algunhas delas habitadas por miles de persoas.
- As cidades estaban rodeadas de murallas, tiñan un xefe e guerreiros que os protexían.
- Nacen novos oficios coma artesáns, aínda que a maioría eran agricultores.
- Aparecen inventos coma o arado, tear, vela a roda..

A IDADE DOS METAIS. [Pincha aquí para ver o vídeo.](#)

# A ARTE DA PREHISTORIA

## AS PINTURAS RUPESTRES

- ▶ Os homes da prehistoria decoraban os teitos e paredes das súas covas con pinturas. Este tipo de pinturas denomínanse pinturas rupestres, que significan “ pinturas en rochas”.
- ▶ A pintura obtíñana machucando minerais con graxa de animais.
- ▶ Para aplicar a pintura facían pinceis feitos con pelo de animais.
- ▶ Pinturas do Paleolítico caracterízanse por ser imaxes de animais soltos ou en manda, pero non hai debuxos de persoas.
- ▶ Pinturas de Neolítico, caracterízanse por aparecer a figura humana realizando actividades cotiás como esceas de caza ou pesca.

## PINTURAS RUPESTRES NA PENÍNSULA IBÉRICA.

- Na península Ibérica destacan as pinturas rupestres da zona catábrica (Pinturas do paleolítico) e pinturas da zona levantina ( Pinturas do Neolítico).
- Na zona cantábrica, as pinturas de Altamira en Cantabria, Santillana del Mar.
- Na zona Levantina, as pinturas da Cova da araña, en Valencia...

## MONUMENTOS MEGALÍTICOS.

Son monumentos feitos con grandes pedras, chamadas megálitos. Os principais monumentos megalíticos son: **Dolmens, Menhires, Crómlechs.**